



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE ZAS

Número 148/2017

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AS TORRES DO ALLO QUE MODIFICA O FORMALIZADO CO NÚM. 34 O 4 DE ABRIL DE 2017

Na Coruña a 15 de decembro de 2017

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro Don Manuel Muíño Espasandín Alcalde-Presidente do Concello de Zas

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor das Torres do Allo.

2.- O concello de ZAS leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión das Torres do Allo, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, o obxectivo último foi facer do espectador un actor activo e facer mais cercano o patrimonio á xente.

3.- O Concello de ZAS quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión das Torres do Allo.

4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ZAS subscribiron o 4 de abril de 2017 con núm 34 un convenio para xestionar a atención a visitantes das Torres do Allo cun achega provincial de 43.000,54 euros, aprobado por Resolución de Presidencia núm. 6999 de 1 de marzo de 2017.

5- Con data 5 de xuño de 2017 o concello de Zas comunica que unha vez subscrito o convenio anteriormente citado, advertiuse un erro material no orzamento, a cantidade resultante de multiplicar as 1690 horas previstas por 13,794 euros/hora era de 23.311,86 euros, o cal supón unha diferenza de 3.611,32 euros con respecto á cantidade que figura no texto do convenio que se formalizou.

6- Por Resolución de Presidencia 39608/2017 de 14 de decembro, apróbese a modificación da cláusula cuarta do convenio subscrito, quedando definitivamente redactada, como se detalla a continuación:

“ CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña abonará ao Concello de ZAS a cantidade de 43.000,54 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes as Torres do Allo e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 6 de xaneiro do 2017 ata o 30 de decembro de 2017, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3363/22609 e con arranxo ó seguinte desglose:

ORZAMENTO		
PERIODO	DESDE O 6 DE XANEIRO ATA 30/12/2017	
A	Recursos humanos	23.311,86
	Empresa contratada	
B	Actividades e comunicación	23.300,00
	Actividades:	8.300,00
	Actividades de animación Charlas de expertos Publicacións Visitas teatralizadas Exposicións, etc	
	Comunicación e promoción	15.000,00
	Redacción plan museográfico	8.000,00
	Sinalización direcc. Exterior	1.000,00
	Manual de Identidade Corporativa, web, social media Plan, Plan de Medios.....	6.000,00
	SUMA TOTAL (A+B)	46.611,86



7- Mantén a súa vixencia o resto do clausulado do convenio, en todo o que non contravenza o establecido nesta addenda.

Faise constar que a presente modificación foi aprobada por Resolución de Presidencia 39608/2017 de 14 de decembro

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

Asdo: XESUS SOTO VIVERO

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ZAS

Asdo.: MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN